


Informe sobre o topónimo *Verdillo*

O topónimo *Berdillo*, nome dunha parroquia do concello de Carballo, presente tamén no nomes dos lugares *O Añón de Berdillo* e *A Feira de Berdillo* (este, na veciña parroquia de Artes), é de etimoloxía escura e de grafía fluctuante a través dos séculos.

O criterio actual para o uso do e do <v> na toponimia ten en conta a etimoloxía, como se fai tamén nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, que rexen a escrita moderna. Emporiso, hai moitos topónimos que non coinciden co léxico común e que presentan unha grafía non etimolóxica que se foi consolidando durante séculos. Para eses casos, a Comisión de toponimia decidiu manter esa grafía consolidada (así ocorre en casos como *O Grove* ou *O Saviñao*). O mesmo rexe para os topónimos de etimoloxía descoñecida, como é o caso de *Berdillo*. Por esa razón no *Nomenclátor* de 2003 figura *Berdillo*, posto que presenta *B-* de forma consistente desde o primeiro nomenclátor normalizado (1859).


Neste momento, en que se pide un estudo máis pormenorizado sobre o topónimo, examínase con moito detalle a súa presenza nos textos históricos. Na documentación medieval dos arquivos galegos encontramos o topónimo mencionado varias veces, pero non antes do século xv. Cómpre ter en conta que na Idade Media o uso de *b/v* adoita ser etimolóxico, ata que a finais da Idade Media desapareceu a diferenza fonolóxica entre eses dous sons. Por tanto, a partir desa época a maior parte dos topónimos poden aparecer na documentación coas dúas grafías (*Covas/Cobas*). Pola mesma razón, a presenza de *b* ou *v* só é indicativa do étimo se aparece consistentemente na Idade Media.

As poucas formas medievais localizadas proceden de documentos de Soandres, a maioría deles editados por Manuel Lucas Álvarez (Edicións do Castro, 2001).




Sancti Laurencij de U[er]d[j]illo a.1410
ES.GA.15030.ARAG/5.1.1./P.Caixa 3-23


REAL ACADEMIA GALEGA



a.1419 (páx. 251-253) Foto 109
CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.525,N.24




a.1419 (pp.254-258) Foto 113
CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.525,N.24



a.1419 (pp.254-258) Foto 118
CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.525,N.24

Palabras subliñadas para comparar as grafías:
Billaño [Vilaño], parr, e lugar da Laracha; *Bilar* (de Franquos), lugar de Artes (Carballo).

REAL ACADEMIA GALEGA



a. 1419 (pp. 258-268) Foto 86
CLERO-SECULAR_REGULAR, Car. 525, N. 24

Como se pode ver neles, xa nos textos de principios do XV se ve flutuar esta grafía. A máis habitual é V- (no máis antigo representada polo grafema U-), excepto no da foto 113 e na 118, en que alternan *b-* e *v-*; neste último documento tamén aparecen as grafías *bilare*, *bilaño* (modernos *Vilar* e *Vilaño*). Aquí comeza a atestarse o cambio do sistema fonolóxico, cando as grafías V- pasan a escribirse con B- (pero non á inversa, o que indicaría que o sistema estaba xa totalmente desarraxado). Por tanto, o feito de que nestes casos a forma en estudo apareza con V- e con B- canda outras palabras de orixe sen dúbida en V- (como as citadas), parece apuntar a que a consoante etimolóxica era neste caso V-. Ademais, nesa época, as grafías e <v> poden chegar a confundirse no trazo ata o punto de que é difícil discernir cal está usando o escriba, como se pode ver neste exemplo tirado dos documentos de 1419:



A partir dese momento segue a mesma alternancia¹, cun certo predominio das formas con V-, seguramente pola asociación semántica coa palabra *verde*, que aparece noutros

¹ Examináronse a visita pastoral de Jerónimo del Hoyo (1607), os libros do arquivo parroquial desde 1624 (Arquivo Histórico Diocesano de Santiago), Arquivo Histórico da USC, o Catastro do Marqués de La Ensenada (1753), o mapa de Joseph Cornide (1762-1766), o Marco Geographico del Reyno de Galicia de Tomás López (1784), o nomenclátor de Floridablanca (1789), o informe sobre as feiras de Galicia recollido por Antonio Fraguas (1798), a *Descripción económica del Reyno de Galicia* de José Lucas Labrada (1804),

REAL ACADEMIA GALEGA

topónimos galegos (*O Verde, Vilaverde, Castroverde, Monteverde, Penaverda*) ou con diversos derivados (*Verdeal, A Verdella, Verducedo, Verducido, Verdugo*). Pero no caso que nos ocupa esta asociación non está demostrada, dado que non é clara a orixe lingüística da última parte da palabra (presente noutros topónimos escuros como *Arillo* ou *Perillo*)².

Así pois, despois deste longo e demorado estudo, só as atestacións medievais apuntan a que a vogal etimolóxica do topónimo estudado é V- inicial. Non cabe ir máis alá, posto que as propostas etimolóxicas non son convincentes. Con todo, as documentacións gráficas autorizan a propor o cambio da grafía en *Verdillo*.

A toponimia de Galicia, segundo o Estatuto de Autonomía, é competencia da Xunta de Galicia. A Real Academia Galega, neste ámbito, asesora o goberno autonómico e, no seu momento, propoñerá, polas razóns expostas, que este topónimo se escriba con V- (*Verdillo*). Pero ata que a Xunta de Galicia acepte esta proposta académica e a inclúa no *Nomenclátor de Galicia* revisado, a forma oficial segue a ser *Berdillo*.

o mapa xeográfico do Arcebispado de Santiago feito por Ángel Marín (1825), o mapa de Domingo Fontán (1834), o *Mapa Itinerario de la parte Nord-Oeste de España y parte de Portugal* (1838), o *Boletín Oficial* da provincia da Coruña (1836), o *Diccionario Geográfico, Estadístico* de P. Madoz (1846 e 1849) e os nomenclátors de 1857, 1860, 1888, 1920, 1930, 1940 e 1970.

² Teñense proposto o sufixo latino -ĭCULU, pero o seu resultado é outro: cf. *Verdella* < VIRIDĪCULA; ou o sufixo -ĭLIU, pero, amais de non ser este un sufixo produtivo en romance (con esta terminación só se rexistran *concello* < CONCĪLIU e *consello* < CONSĪLIU), tiña un ĭ, como demostra o seu resultado moderno -*ello*. Para *Berdille* tamén se propuxo un étimo xermánico, formado polas raíces *Ber-* (HGN 43) + *-dildi* (HGN 336a), que se axeita ben para explicar o *B-*, pero non está atestado documentalmente o cambio da terminación final -e > -o. Ademais, debe desbotarse ó se demostrar que a consoante etimolóxica non é B-.